

# Música e Danza

5º Primaria

**Diario de aprendizaxe SA2**  
**Minuexas ou Branlexas?**

Deberás cubrir este **diario** segundo avances nas distintas fases. Servirache de axuda para autoavaliarte e reflexionar sobre a situación de aprendizaxe.

FASES DO DIARIO	
FASE 1: REGRESO AO PASADO	<input type="checkbox"/>
FASE 2: MÚSICAS DEVANCEIRAS	<input type="checkbox"/>
FASE 3: PASIÑO A PASIÑO	<input type="checkbox"/>
FASE 4: O GRAN EVENTO	<input type="checkbox"/>
FASE 5: DAQUELA, QUE...?	<input type="checkbox"/>

FASE 1	REGRESO AO PASADO
--------	-------------------

Nesta primeira fase, presentamos o **reto** da situación de aprendizaxe. Agora, no teu diario debes pensar e escribir sobre **“que”** e **“como”** aprendiches neste bloque.

Non tes présa, non o fagas ao chou, faino con sentidiño! Lembra, reflexiona e escribe con sinceridade para coñecer os teus puntos fortes e débiles e así, mellorar a túa aprendizaxe.

### As miñas aprendizaxes:

En que consiste o reto?:

Gústache a idea de facer este reto? Sinala a resposta:

☐ SI

☐ NON

Que é o que máis che gusta da idea?:

--	--

Que é o que menos che gusta?:

--	--

### O meu camiño:

Que che parece a música antiga?:

--	--

Cres que é igual que a música moderna?:

--	--

Podes decir que diferencias atopas entre esa época e a actual?:

--	--

### Valoro a miña actuación:

**Colorea as estrelas seguintes.**

**Valora** de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



**Valora** de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



**Diario común:**

**Realiza** unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

--	--

FASE 2

MÚSICAS DEVANCEIRAS

Xa rematamos a **segunda fase**. Agora tócache reflexionar no diario como a afrontaches e recoller a maneira na que aprendiches.

Recorda, non hai présa, faino con calma e pensa antes de escribir. É a mellor maneira de coñecer como aprendes e progresar.

**As miñas aprendizaxes:**

Lembras o que son as ligaduras de unión e para que sirven?

--	--

Sabes o que é un tempo “allegro”?:

--	--

Escoitaches algunha vez a palabra Rondel ou branle? Por que crees que se chama Rondel?:

--	--

Cantas notas novas aprendiches nesta fase a tocar coa fruta?:

--	--

Escoitaches algunha vez a palabra minueto?:

--	--

Fuches quen de tocar o minueto coa fruta?:

--	--

**O meu camiño:**

Podes tocar algunha nota na fruta sen axuda dos debuxos de posición? Cales?:

--	--

Foi moi complicado seguir o tempo da música?:

--	--

### Valoro a miña actuación:

**Valora** de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



**Valora** de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



### Diario común:

**Realiza** unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

--	--

**FASE 3**

**PASIÑO A PASIÑO**

Agora que xa coñeces un pouco máis sobre as músicas antigas, imos dar outro pasiño máis para avanzar a polo reto! Seguro que precisamos coñecer máis sobre o branle e o minueto. As túas habilidades postas en xogo ao longo desta actividade e compartíndoas co resto do grupo, permitiránche coñecer as instrucións axeitadas para resolver e superar esta nova dificultade.

**As miñas aprendizaxes:**

Que che pareceu o baile do minueto e o branle? Que diferencias notaches entre eles?

--	--

Gustaríache aprender a bailar como facían na época do minueto e o branle? Por que si ou por que non?

--	--

Coñeces algunha muller importante na historia da danza? Que cres que fixo para ser tan importante?

--	--

**O meu camiño:**

Que pensas que poderíamos aprender das mulleres importantes na danza para mellorar a nosa propia práctica ou aprecio polo arte do baile?

--	--

Cales foron os pasos máis difíciles que tiveches que realizar?:

--	--

Que che gustou máis, a danza en parella ou a danza en roda?:

--	--

### Valoro a miña actuación:

**Valora** de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



**Valora** de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



### Diario común:

**Realiza** unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

--	--



**FASE 4**

**O GRAN EVENTO**

Despois de moito traballo, o grupo acadou o reto final. Foron días de compartir coñecementos, superar dificultades e poñer en común ferramentas e habilidades que contribuíron á resolución do reto final. Ademais da satisfacción polo traballo ben feito, o que aprendemos neste reto servirános nun futuro para resolver situacións similares.

**As miñas aprendizaxes:**

Que é o máis importante que aprendiches ao longo deste reto?

--	--

Que ferramentas/coñecementos aprendiches ou foron necesarios para aprender este reto?

--	--

En que outros momentos podo aplicar o que aprendín durante este reto?

--	--

**O meu camiño:**

Que dificultades individuais atopaches ao resolver o reto?

--	--

Que dificultades atopaches traballando en grupo para resolver o reto?

--	--

Que fortaleza individual che serviu para traballar neste reto?

--	--

Que habilidades aporteí ao grupo?

--	--

**Valoro a miña actuación:**

**Valora** de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



**Valora** de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



**Diario común:**

**Realiza** unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

--	--

**FASE 5**

DAQUELA, QUE...?

Volta a vista atrás e pensa sobre como foi esta aventura dende o comezo e os resultados da mesma. Nun futuro, grazas a esta reflexión, poderás adaptarte mellor a outras situacións de aprendizaxes diferentes.

**As miñas aprendizaxes:**

Que aprendiches?

--	--

Como podes seguir mellorando?

--	--

Cal foi para ti o aspecto máis valioso de participar en esta situación de aprendizaxe?

--	--

**O meu camiño:**

Aportaches o teu punto de vista?

--	--

Houbo algo que te sorprendeou?

--	--

Por que cres que a opinión dos demais nos pode servir para mellorar?

--	--

A posta en práctica do reto pode influir na sociedade?

--	--

### Valoro a miña actuación:

**Valora** de 1 (pouco) a 5 (moito) canto te esforzaches/implicaches nesta fase:



**Valora** de 1 (malo) a 5 (mo bo) o resultado que obtiveches nesta fase:



### Como te sentiches?:

**Elixe** as emoticonas que máis che representaron afrontando esta situación de aprendizaxe.




con motivación




con curiosidade



con confianza



con inseguridade



con desgana

Por que?


--	--

### Ideas para mellorar:

**Valora** a situación de aprendizaxe:



chistame!



chistame algo!



non me chista!

## Diario de aprendizaxe: Minuexas ou Branlexas?

Que che parece seguir aprendendo a través de novas situacións de aprendizaxe?

--	--

Que cambiarías ou farías doutra maneira nesta situación de aprendizaxe?

--	--

Que ideas se che ocorren para mellorar esta situación de aprendizaxe?

--	--

### Diario común:

**Realiza** unha posta en común e anota as conclusións ás que chegades:

--	--

### Rúbrica:

Para rematar, le esta rúbrica e escribe a puntuación que acadaches en cada fila. Despois, suma todos os resultados. Lembra contestar con sinceridade.

- 16-20 puntos: Excelente desempeño
- 11-15 puntos: Bo desempeño
- 6-10 puntos: Desempeño básico • 1-5 puntos: Desempeño deficiente

	<b>Excelente</b>	<b>Ben</b>	<b>Mellorable</b>	<b>Insuficiente</b>
<b>Valoración do teu papel na organización do evento</b>	Destacado e proactivo na planificación, coordinación e execución do evento (4)	Contribúes de maneira efectiva nas tarefas asignadas para a organización do evento (3)	Participación limitada na organización do evento (2)	Non amosas participación na organización do evento (1)
<b>Interpretación</b>	Interpretación excepcional, expresando emocións e transmitindo a mensaxe da danza de forma clara e efectiva (4)	Interpretación sólida e coherente, transmitindo adecuadamente a mensaxe da danza (3)	Interpretación básica, con algunhas inconsistencias na expresión e transmisión da mensaxe (2)	Interpretación sen expresión emocional e sen lograr transmitir a mensaxe da danza (1)
<b>Danza</b>	Execución técnica e precisa dos movementos, mostrando un dominio excepcional da danza (4)	Execución dos movementos con boa técnica e precisión na súa maioría (3)	Algúns erros técnicos na execución dos movementos de danza (2)	Execución deficiente dos movementos de danza con numerosos erros técnicos (1)
<b>Valor musical</b>	Axuste perfecto ao ritmo e á música, amosando unha conexión íntima coa peza musical (4)	Segues o ritmo e a música de forma consistente durante a presentación (3)	Algúns problemas ocasionais para manter o ritmo e a musicalidade (2)	Non amosas conexión co ritmo e a música, afectando negativamente a presentación (1)
<b>Colaboración grupal</b>	Traballas en harmonía coas demais persoas do grupo, amosando respecto, comunicación efectiva e apoio mutuo (4)	Participas de forma cooperativa no grupo e amosas unha actitude positiva cara as demais persoas (3)	Algúns problemas ocasionais na colaboración grupal e na comunicación (2)	Falta de colaboración e falta de respecto cara as demais persoas do grupo son evidentes (1)

Que puntuación acadaches?

Avalíate con esta diana e anota despois os teus resultados.

## Avalíate con esta diana!

